

RAMIRO CARREGAL

XIII Premio Internacional de Investigación Oncolóxica Científica e Técnica

Convócase o XIII Premio Internacional de Investigación Oncolóxica Científica e Técnica Ramiro Carregal, co que se quere recoñecer o traballo clave á hora de afrontar o enorme desafío de atopar solucións a un dos grandes males da humanidade e premiar o esforzo e a traxectoria científica na área da investigación oncolóxica, e que supoña a xeración, desenvolvemento e/ou aplicación dos novos coñecementos biolóxicos e clínicos sobre o cancro.

1. Premios.

1.1. Hai un único premio dotado con trinta mil euros (30 000 euros), que estará sometido ás retencións fiscais que legalmente lle correspondan.

1.2. Entregarase así mesmo un símbolo distintivo e acreditativo do galardón concedido.

2. Candidaturas.

2.1. Poden ser candidatos/as aos Premios investigadores de carácter preclínico (investigación básica orientada á obtención de coñecemento con aplicación clínica), e clínico (investigación en humanos), que desenvolvan a súa actividade en centros sanitarios e/ou centros de investigación, públicos ou privados de Galicia, España ou calquera parte do mundo.

2.2. Poden formular a súa proposta de candidatos ao Premio as institucións públicas e privadas, fundacións, asociacións, colexios profesionais, academias, e personalidades cuxa actividade teña vinculación coa investigación oncolóxica.

2.3. Serán excluídas aquelas candidaturas presentadas por quen solicite o Premio para si mesmo ou para os grupos ou entidades a quen representen.



3. Presentación de Candidaturas.

3.1. O premio poderá outorgarse mediante presentación de candidaturas que se formalizarán entregando a seguinte documentación de cada candidato:

- a) Breve resumo de razóns que motivan a proposta e descrición da actividade pola que se solicita o premio.
- b) Datos do candidato proposto (nome completo, dirección do centro de traballo, dirección de contacto, teléfono, e-mail).
- c) Relación de méritos e de obras ou publicacións máis relevantes.
- d) Calquera outra documentación que poida resultar de interese para coñecer a actividade do candidato proposto.
- e) Declaración escrita na que se compromete formalmente, en caso de obter o premio, a recollelo persoalmente no lugar e a data establecidos.

3.1.1. Poden acompañarse, así mesmo, outros apoios á candidatura e, en xeral, cantos documentos acheguen datos relevantes e información suplementaria.

3.1.2. Os idiomas nos que se poden presentar as candidaturas son: galego, castelán e inglés.

3.1.3. As candidaturas poden presentarse por correo certificado, en sobre pechado coa referencia “Premio de Investigación Oncolóxica” á dirección: Preguntoiro 36-1.º CP 15704 Santiago de Compostela (A Coruña). Tamén poden presentarse por correo electrónico na dirección candidatos@premioramirocarregal.com ou directamente a través da web <http://premioramirocarregal.com/oncologia> no seu correspondente apartado.

3.1.4. O prazo de presentación de candidaturas finalizará o **31 de xaneiro de 2025** ás 23.59 h (hora local de Santiago de Compostela). En caso das enviadas por correo atenderase á data do cuño.

3.2. O premio tamén poderá ser outorgado directamente polo Xurado a traballos, equipos de investigación ou proxectos que pola súa transcendencia, traxectoria ou relevancia no ámbito investigador e/ou sociosanitario consideren que son merecedores do galardón.



4. Xurado.

4.1. O Xurado está constituído por membros da comunidade científica, académica e investigadora, designados polo Padroado do Premio.

4.2. O Xurado ten un presidente honorífico que é D. Ramiro Carregal.

4.3. Constituído o Xurado, actuará como presidente executivo o Dr. Rafael López, xefe do Servizo de Oncoloxía Médica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que dirixirá as deliberacións, e estará asistido por un secretario, designado por el que asistirá ás reunións con voz e voto, levantando acta das mesmas.

5. Fallo.

5.1. O Xurado outorgará libremente o Premio a unha das candidaturas propostas polas entidades indicadas nestas bases ou ben a outro proposto directamente por el. Excepcionalmente poderá outorgarse de forma compartida cando os méritos das persoas, entidades ou grupos propostos se complementen de forma clara.

5.2 A decisión do Xurado adoptarase por maioría de votos dos seus compoñentes, decidindo en caso de empate o voto de calidade do presidente. Finalizada a reunión do Xurado, a notificación do fallo será comunicada ao galardoado ou galardoada.

5.3. O Premio non poderá quedar deserto aínda que o Xurado se reserva o dereito, se existisen causas de forza maior que así o aconsellasen, a modificar en todo ou en parte as presentes bases, sen que iso supoña incumprimento algún.

5.4. O fallo do Xurado será inapelable e farase público no mes de febreiro de 2025 nos medios de comunicación social e a través da páxina web do Premio. Así mesmo notificaráselle persoalmente ao gañador ou gañadora.

5.5. Os traballos non premiados poderán pasar a formar parte da seguinte edición do premio se o Xurado así o considera.

5.6. Non se realizará explotación económica das obras ou traballos premiados. A concesión do premio non implica cesión ou limitación algunha dos dereitos de propiedade, incluídos os derivados da propiedade intelectual ou industrial. A divulgación da obra en medios de comunicación ou calquera outro órgano de difusión non supón o incumprimento desta condición.

5.7. Deberá incluírse unha declaración escrita do candidato/a na que se compromete formalmente, en caso de obter o premio, a recollelo persoalmente no lugar e a data que decida o Consello.



6. Acto de entrega

A entrega do premio realizarase nun acto solemne, coa asistencia de personalidades do ámbito político, social, académico e científico, en Santiago de Compostela en data e hora a determinar.